

Abuín de Tembra sempre vogando por Galicia

Cumpríronse dous anos do pasamento do insigne poeta Avelino Abuín de Tembra. Escritores e intelectuais galegos lembran -con agarimo e recoñecemento- a figura e a obra do literato nado en Dodro, na parroquia de San Xoán de Laíño.



Xosé Luís Méndez Ferrín
Presidente da Real Academia Galega

- “Logo veu a revelación de Abuín de Tembra como poeta, a quen hai que valorar pola perfección formal, pola excelencia da súa lingua e por unha autenticidade que por veces nos conmove cos contidos graves e radicais”
- “O sentimento de Abuín de Tembra era nacional. Vía Galicia enteira como unha grande república de homes e mulleres humildados en procura do Sol da dignidade”

Francisco Fernández Rei
Vicesecretario da Real Academia Galega

- “En momentos de duro silencio, as iniciativas culturais de Abuín eran fisgoas polas que entraban raiolas que visibilizaban a proscriba lingua galega e tamén as persoas que arelaban un país culto e galeguizado”

Salvador García-Bodaño
Membro da Real Academia Galega

- “A súa actitude vital na dobre vertente de difusor cultural e de creador literario, poeta e xornalista, constituíu un exemplo xeneroso e remarcou a súa personalidade como mestre, home magnánimo e liberal, orgulloso e defensor do seu pobo”

Gonzalo Salgado



Avelino na memoria

● ● ● ➔ por **X.L. MÉNDEZ FERRÍN**
Presidente da Real Academia Galega

Uns trinta anos antes de coñecer en persoa a Avelino Abuín de Tembra xa eu era un seu lector. Sendo case un neno aínda, lía con pracer as crónicas que el enviaba ao *Faro de Vigo* desde Lisboa. Eran días nos que a Asociación da Prensa de Vigo mantiña activas rela-

cións con Portugal, especialmente coa Associação de Jornalistas e Homens de Letras do Porto. Froito daquela cooperación intelectual galego-portuguesa (hoxe extinta) foi a inauguración no Porto da ampla Praça da Galiza co seu monumento a Rosalía no centro. Sempre pensei

que Abuín de Tembra estivera, desde Lisboa, no acontecemento como actor principal.

Residía, pois, Avelino Abuín de Tembra en Lisboa e escribía para o *Faro* sobre arte, literatura, espectáculos e acontecementos varios, entre os que se incluían os da vida social da *Juventud*, que era como se chamaba o centro galego da capital de Portugal e do seu Imperio. Por aquel tempo, Xavier Costa Clavell tamén enviaba, sendo residente en Barcelona, noticias, reportaxes e entrevistas ao mesmo xornal nas que se reflectía a vida sociocultural de Barcelona e Cataluña en xeral. Estabamos ben informados.

Máis tarde, e coido que aínda dentro da década de 1950, volvíñ ter noticias, sempre na distancia, de Abuín. Presidía unha asociación de Amigos dos Muíños e residía en Compostela, onde se desempeñou varios anos como profesor do Colexio Peleteiro. Desde ese posto docente, Abuín impulsou unha iniciativa sumamente interesante que aínda pervive: os premios Minerva, que serviron para fomentar va-



Entrega do Pedrón de Ouro a X.L. Méndez Ferrín

DEGOIRO

Galicia da dor inconteníbel
do poeta.

¡Amor galicián!

¿Quén maxina que a pesar dos teus pesares
ti te vas lonxe?

¿Quén ergue a voz e berra no deserto
destas areas quentes

que fenden os pes amerguradamente?

Quedamos nós. Unha mancha só
de homes. Un grupo de profetas
na terra en que naceron e onde non os escoitan.

Quedamos nós somentes,
como xudéus escallados entre fillos
e pais desnaturados,
que nos ollan fuxidiamente,
cuasi como estranxeiros nas tenzas que traballan.

¡Nosa Galicia probe!

O poeta non pode estar presente
na túa morte infame.

O poeta degoira verte sempre
rixa, forte, virxinal e sempiterna.

O poeta desexa morrer antes
de verte convertida en chan alleo.

¡Lévanos contigo, Galicia dos camiños,
lévanos onde ti vaias,
no adéus desapegado da xente!

¡Lévanos, Nai Nutricia, redentora
da vida que non temos
nin queremos ter sin ti!

AVELINO ABUÍN DE TEMBRA
Home ao Pairo, 1974



X.L. Méndez Ferrín, Presidente da RAG

rias xeracións de escritores novos. Algúns dos nosos mellores autores contemporáneos déronse a coñecer, sendo alumnos de bacharelato, nos premios Minerva.

Logo veu a revelación de Abuín de Tembra como poeta, a quen hai que valorar pola perfección formal, pola excelencia da súa lingua e por unha autenticidade que por veces nos comove cos contidos graves e radicais.

Comecei a falar con Abuín na seguinte fase da súa carreira. Ou sexa, cando tivo a oportunidade

de acceder a un posto de profesor de lingua e literatura española no Instituto. Daquela o poeta dedicouse de corpo a alma á escrita de opinión na prensa, onde verquía o seu pensamento humanista e patriótico, e a participar en empresas desinteresadas e nacionalistas, como é o caso do Patronado do Pedrón de Ouro a cuxa directiva pertenceu por moitos anos.

Na súa plenitude de potencias intelectuais e literarias, Avelino Abuín de Tembra revelou como un dos grandes oradores en galego do noso tempo.

Daquela
o poeta
dedicouse
de corpo
e alma á
escrita de
opinión
na prensa,
onde
verquía
o seu
pensamento
humanista e
patriótico



Infortunadamente, o benquerido amigo e irmán finou cando aínda o seu talento e a súa xenerosidade podían render espléndidos froitos a ben da Nación.

Abuín de Tembra, defensor da Patria e da Lingua

● ● ● ➔ por **FRANCISCO FERNÁNDEZ REI**
Vicesecretario da Real Academia Galega

A miña primeira imaxe de Avelino Abuín de Tembra é a dun home de corpo, con bata branca, que amoestaba a quen vise correndo polos corredores do Colexio Minerva. Ía eu para 15 anos e fora estudar 6º de Bacharelato a ese centro compostelán que logo se chamaría Peleteiro. Un ano despois, no curso Pre-universitario, aquel home que tanto respecto impuña a novatos e veteranos, era o meu profesor da materia de Literatura Española Contemporánea, da que me quedou gravada a súa paixón por Rosalía de Castro, unha das figuras do programa. A finais de curso (sería o 17 de maio de 1969) impartiu a todo o alumnado de Preu unha conferencia para conmemorar o Día das Letras Galegas, polo que souben da existencia de tal Día,

como lle pasou a moitos outros meus compañeiros, mesmo os que non eran seus alumnos.

Despois de revisitar exemplares de *Vamos. Revista del Colegio Minerva*, que Abuín dirixía, e memorias anuais do centro, vexo que era moito máis ca un profesor. Sen dúbida foi a alma de iniciativas dignificadoras da lingua galega coma os Xogos Florais "Minerva", creados en 1963, para "estimular el cultivo de la poesía en los alumnos del Colegio", pero que ese mesmo ano se estenderon a todo o distrito universitario de Santiago, e con Álvaro Cunqueiro como primeiro mantedor dos Xogos. Abuín era secretario do xurado dos premios en castelán e en galego, e en cada súa lingua debía redactar a acta, a xulgar polo *Vamos* do verán de 1967, onde se reproduce a



Abuín de Tembra e Fernández Rei no xurado do Premio de Narrativa Xuvenil "Ateneo Valle-Inclán" de Vilanova de Arousa

acta en castelán e tamén a "Auta do xure de lingua galega". O castelán era o idioma da revista *Vamos*; porén, había certa presenza do galego, como no exemplar de decembro do 1968, con poemas de Díaz Xácome, Emilio Pita, Crescente Vega e F. Bouza Brey, xunto cun artigo en castelán sobre o uso do galego dun compañeiro de Preu veciño de Luou (Teo) que xa daquela se facía chamar Xosé (e non José) e un artigo sobre "El

Sen dúbida
foi a alma de
iniciativas
dignificadoras
da lingua
galega coma
os Xogos
Florais
"Minerva"

teiga Pedrares, Franco Grande, Xosé M. Beiras e López Casanova. Só a paixón e o forte sentimento que de Galicia tiña Abuín pode explicar tal regalía de conferenciantes, coa lóxica complicidade da dirección do centro. Ademais, organizou algún curso de lingua galega para estudantes de Letras de Preu do Minerva, que impartiu Vidán Torreira.

Despois de me eu licenciar, durante anos, para min Abuín de Tembra era o poemario *Home ao paio* e artigos en xornais en defensa do galego e da Casa de Rosalía, xunto con "incendiarios" discursos a prol de Galicia e da súa lingua que pronunciaba na entrega dos Pedróns de Ouro e de Honra. No 2003 coincidín con el e con Alexandre Allegue no xurado do Premio de Narrativa Xuvenil do "Ateneo Valle-Inclán" e noutros actos relacionados con Valle; e desde aquela, Allegue, Abuín e eu, sen calendario fixo, xuntámonos para xantar e falar na praia das Sinas do *Romance de lobos* valleinclanescos, en terras de Catoira co Ulla ó fondo, na ribeira de Fefiñáns ollando Sálvora onde dorme o seu sono o rei Artur... Antes do seu inesperado falecemento quedámonos en vérmonos na Terra de Iria.

Na tarde do pasado 7 de agosto, para ir a Imo á homenaxe popular a Moncho Reboiras no 35 aniversario da súa morte, entrei no concello de Dodro bordeando o Ulla e pasei pola Bouza inxel de Abuín; e desde o cemiterio de Imo, ás veces, miraba para o local social da Asociación de San Xoán de Laiño que ergueran os propios veciños, como me contara orgulloso o propio Abuín o día que fun a ese local para falar da memoria do mar e da represión nas ribeiras da Arousa no "Outono Cultural 2006", que organizara o cantor das brñas de Laiño e gran defensor da súa señora Rosalía.

Panteón Gallego", o Panteón de Galegos Ilustres de san Domingos de Bonaval.

Súa debeu ser a iniciativa dos cursos monográficos "Manuel Peleteiro", en colaboración co Padroado Rosalía de Castro, para estudantes dos cursos superiores e á vez abertos a xente interesada no que ocorría no país. O primeiro, "Encol de Galicia e os seus problemas" (curso 1965-66), inaugurouno o Padre Seixas (iniciador da liturxia en galego) e fechouno Otero Pedrayo, con participación de X. Isla Couto, Vidán Torreira, Carballo Calero... En galego ditáronse todas as conferencias (e escribiuse o convite de cada unha delas, que asinaban "A dirección do Colexio Minerva e o Padroado 'Rosalía de Castro'"); e o mesmo ocorreu coas do II Curso sobre o home galego e os problemas de hoxe, que inaugurou o daquela presidente da Real Academia Galega Sebastián Martínez Risco. No III Curso (abril de 1968), adicado á problemática da mocidade galega, participaron Alonso Montero, Manuel María, García-Bodaño, Man-

CANTIGA AMANTIÑA DE ROSALÍA

Santa Rosalía
silandeira ía,

miña, amiga.

Rosalía santa
camiña lizgaira,

miña, amiga.

Camiña descalza
na area dourada,

miña, amiga.

Na area brillante
leva os pés exánimes,

miña, amiga.

Os pés desangrados
fían remol lacio

miña, amiga.

No remol louseño
agroman recendos,

miña, amiga.

Os gromos enchocan
alentos de pombas,

miña, amiga.

Os alentos rachan
mañás de bitácoras,

miña, amiga.

Bitácoras lenes
de paxaros breves,

miña, amiga.

Os paxaros voan
co outono nas costas,

miña, amiga.

Outonos e engados
na proa dos ábregos

miña, amiga.

Os ábregos brúan
ladaíñas mudas,

miña, amiga.

Na muda lisonxa,
Santa Rosalía
foi quedando soa.

Silandeira e orfa,
miña, amiga.

AVELINO ABUÍN DE TEMBRA
Roldas de Compostela, 1983



Abuín de Tembra, segrel de soños

● ● ● ➔ por **SALVADOR GARCÍA-BODAÑO** Escritor e membro da Real Academia Galega

Aquel sosego chamaba por un, aquela calma do mediodía ao entrar na súa casa acolledora. Lémbbraseme de me ter saído a recibir, coa súa sinxela e sincera amabilidade, Marián (a quen el lle dicía poeticamente a barboriña compañeira do homilde segrel), e de ir ela buscalo, a seguido, nalgures da finca para lle avisar que eu chegara. Se cadra foi a derradeira vez que desfrutei da súa cordial hospitalidade, aínda que logo habíámonos ver unha chea de veces. Na vizosa terra brañega abeirada polo solemne caudal do Ulla nos eidos da súa nacemento, alí en Imo, foi erguendo o seu fogar definitivo, entre a mesta frondía de altas árbores nunha leda lombiña luminosa que se alza a esta parte das xunqueiras. Teño escrito así do moi estimado

ba o seu nome verdadeiro, reafirmando deste xeito a súa radical pertenza a aquelas orixes comarcais de extensas lindes familiares e entrañábeis raizames galicianas.

Xa nos vellos tempos do xornal *La Noche*, presentáranos o director Raimundo García Domínguez (Borobó), e, despois, fun sabendo del por algún común coñecido e por algunha das súas crónicas portuguesas, pero non sería ata o regreso dos seus anos de estadía en Lisboa e o seu novo establecemento en Compostela, cando en realidade fixemos amizade. Máis concretamente, cando fun nomeado membro numerario do Padroado do Pedrón de Ouro, que el alentara para a súa fundación en 1964, e no que a miña incorporación se producira —coído non equivocarme— a come-



Salvador García-Bodaño (primeiro pola esquerda) xunto a Avelino Abuín de Tembra



Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón

e lembrado noso amigo que, dende o fondo do seu espírito valente, se caracterizou, como poucos, polo seu inquebrantábel teísmo silente e pola súa irrenunciábel entrega a Galicia. Amou a fermosa fala xurdida do noso pobo e expresouse e viviu nela como a mellor maneira de sentir e de manifestar a súa fe cristiá, entendida como solidariedade e crenza interior, e a súa pacífica, decidida e continua loita cultural pola patria galega.

Dende hai ben anos, como froito das nosas repetidas conversas, considerei a Avelino Abuín González como unha persoa de fondos e nobres sentimentos, en quen a súa bondade e a súa xenerosidade competían, nun primeiro posto, co seu rexo talento intelectual e a súa vocación lírica. Parágrafos escritos de textos dos que hoxe me satisfai recuperar algunhas referencias nesta breve evocación, neste bosquejo puramente emocional sobre a condición humana do noso amigo Avelino Abuín de Tembra, que gustaba de utilizar este pseudónimo na súa dimensión creadora literaria e mesmo aínda nas relacións sociais, con tal asiduidade e tan natural normalidade que sempre tiven a impresión de que o considera-

zos de 1970. Un período de moi frecuente cambio de impresións foi cando andaba para seleccionar, clasificar e publicar todo o material poético que conformaría o seu poemario *Roldas de Compostela* (inicialmente

Roldas da bocanoite, que así creo que se presentou ao Premio Celso Emilio), o terceiro dos seus poemarios, no que abandonaba a súa anterior concepción existencialista e angustiada, editado en 1983, en Edicións

Caracterizouse,
como poucos,
polo seu
inquebrantábel
teísmo silente
e pola súa
irrenunciábel
entrega a
Galicia



do Castro, cun prólogo do noso amigo o profesor Ramón Lorenzo e un limiar de meu.

Non é este un breve texto para apuntar sequera un bosquejo biográfico senón para subliñar os valores individuais que distinguiron a cerna da condición humana e o conxunto das calidades que definiron o seu carácter, entre os que cómpre reiterar a fraternidade no galeguismo, a tendencia á concordancia de opinións, ao bo entendemento, á intelixente defensa das claves identitarias, á súa dedicación permanente á nosa historia cultural e ao ser de Galicia. Porque sen lugar a dúbidas, a súa actitude vital na dobre vertente de difusor cultural e de creador literario, poeta e xornalista, constituíu un exemplo xeneroso e marcou a súa personalidade como mestre, home magnánimo e liberal, orgulloso e defensor do seu pobo. Pola patria vagan as súas ansias e os seus soños.

BRAÑAS DE LAÍÑO

POZAS de augas quentes, encoradas
entre xuncos de lanzal desafío ao vento.
Regos afeitos a enxurros disconformes
que baixan asañados das montañas,
de fraguas retorcidas,
de noites de inverniá.

Herbas que voan nos recháns da terra,
nas ribadas do Ulla,
verdes, amarelas, bermellas, incoloras,
galoupando ao compás dos vendavales
mareiros do sul,
como dornas, anguías ou muxos
que as mareas guindarían nos esteiros,
sempre que estivesen á espreita dunha presa.

Brañas de Laiño,
onde tantos amores que naceron
foron e morreron nun salaio,
onde as virxes do Olimpo calacearon.
Onde as sereas balouzan aínda nas insuas molladas
os peitos nutricios da maternidade.

Brañas de Laiño,
onde voan e voan silandeiras
as figuras fráxeis da Santa Compañía,
no pinal do Marqués ou na Calcada.

AVELINO ABUÍN DE TEMBRA
Home ao Pairo, 1974

Lembranza de Abuín de Tembra no segundo cabodano

● ● ● ➔ por **MANUEL DOURADO DEIRA**
Columnista de prensa e membro da Fundación Castelao

Querido amigo: Foi nos albores daquel 1º de marzo de 2009 cando as parcas decidiron segar os delicados e imperceptibles fíos que te mantián ancorado a esta vida terreal. Compartimos soños e realidades nesa encrucillada con perspectivas de incertezas e futuribles que nos obrigan a unha persistente elección.

É obvio que cada un de nós tiña as súas propias singularidades como todo ser humano. Pero compartíamos conviccións de fe na Vida e na esperanza da súa transcendencia. Por iso, ti encarrabas os conflitos vitais con esa enteireza dos homes de coraxe que saben que as limitacións do

ser humano lévano ao erro e cómpre rectificar. Custábache dar o brazo a torcer; pero cando as secuelas eran de gravidade, non dubidabas en pedir consello aos amigos, que os tiñas e que hoxendía permanecemos fieis á túa memoria.

Porque, no fondo, a túa personalidade enraizaba nunha gran bonhomía envolta en certa timidez que anhelabas superar, ás veces, con impulsiva imperatividade. Non sempre atinabas coa mellor solución (*humanum est errare*). Entón, solicitabas consello previo á obrigada rectificación. Dialogabamos e incluso discutíamos sobre estes temas, subidos a aquel paradisíaco

outeiro que ti poeticamente denominabas a Bouza Inxel. Desde a ampla galería, contemplabamos, extasiados, a frondosa inmensidade verdéscente das praderías de ámbalas marxes do Pai Ulla, desde Carril a Pontecesures: Rosalianas Brañas de Laíño, leirados de Cordeiro, piñeirais de Catoira e Isorna; Faustino Rey Romero, a cantina da Estación, o efémero Ateño do Ullán, Baldomero Isorna, os Bouza-Brey... En fin, recitabamos versos dos teus poemarios como *Camiños*, *Home ao pairo*, ou *Roldas de Compostela*. Comentabamos a túa antoloxía sobre a que chamabas, con certa prosopopea, a miña Señora



Avelino Abuín e Manuel Dourado nun acto en Rianxo

dona Rosalía, etc., etc.

Cofundador dos Pedróns, de Ouro e de Honra; a túa enorme produción periodística; os comentarios que popularizaron as bandas de música de Galicia e que contribuíron a un renacer da música bandística popular... En periodismo, cantas polémicas, desplantes e incluso insultos nos traía esta parcela na que pretendiamos o ben dos pobos das zonas respectivas, cun pe-

riodismo directo, veraz e obxectivo. Ás veces, tiñamos que nos auxiliar mutuamente: Ti descendías á Barbanza; eu subía a Paradegua cara os Laíños. Fecunda e fraternal colaboración, inesquecible amigo. Deste modo, xuntos, contribuímos a resolver moitos problemas.

En fin, amigo, queda moito por dicir sobre a túa rica personalidade; pero o espazo manda. Paz e ben.

IMAXES DUNHA VIDA CONSAGRADA Á DEFENSA E Á DIVULGACIÓN DA CULTURA GALEGA



A. Abuín de Tembra foi o fundador e director da Coral Polifónica de San Xoán de Laíño



Abuín con Xosé Manuel Beiras





Os Laiños de Avelino Abuín de Tembra

● ● ● ➔ por **JUSTO CORTIZO SÓÑORA**
Membro do Padroado da Fundación Rosalía de Castro

Transcorreron dous anos do pasamento de Avelino Abuín de Tembra, dous longos anos orfos del, nos que botamos de menos as súas crónicas e artigos e, como non, tamén as conversas que moitas tardes tiñamos na súa casa na Bouza inxel en Imo, no seu Laiño natal. A miña amizade con Avelino Abuín de Tembra comezou cando entrei a formar parte do Padroado de Rosalía de Castro. Foi nun plenario desta Fundación cando entramos en contacto por primeira vez. Recordoo ben porque, ó acabar o plenario, acercouse a min e comezamos a falar. Comenteille que mercara unha documentación relativa a un poeta do século XIX, totalmente descoñecido e que era natural de Imo. Ese achado foi para el unha das mellores novas que lle podían dar, porque era coñecedor da súa existencia e da importancia que tivera a familia de Luís Aguirre del Río, ese

é o nome do poeta, tanto na vila de Rianxo como en Imo onde tiñan a casa principal os "Aguirre". A partir de aí comezamos un traballo conxunto, tanto na transcripción e publicación da obra como da propia biografía de Luís Aguirre, poeta contemporáneo e lonxano parente de Rosalía de Castro. Traballar ó seu carón, foi para min unha experiencia inefable, chegar polas tardes á bouza inxel, contemplar desde aquel outeiro a baixada maxestosa do Ulla, como unha gran serpe arrastrándose polo medio das brañas en busca da Ría de Arousa, e oírle falar a Abuín das brañas de Laiño, da illa que tiñan os Romay no medio delas a carón do Ulla, e como antigamente accedían en barca a través das canles que formaban os regatos nas preamares, para despois Abuín queixarse amargamente do abandono das brañas e que, por mor da Lei de Costas, estaban hoxe convertidas

nun inmenso salgueiral, totalmente improdutivo.

Despois da publicación no ano 2007 do libro *Luís Aguirre. Poesía completa*, continuamos coa historia do Palacio de Lestrove, obra que concluímos uns meses antes do seu pasamento e que, co título de *Grandeza e decadencia do Palacio de Lestrove*, está próxima a publicarse.

Durante estes anos de estreita relación con Abuín, amosoume sempre o seu interese pola defensa da lingua galega, a súa preocupación polo asoballamento que sufría por parte dos castelán falantes e, tamén como non, polos reintegracionistas ou partidarios do lusismo dos que el non era partidario, como así o testemuñan algúns artigos e controversias cos lusistas que tiveron amplo eco na prensa escrita a finais da década dos setenta. Pero, por riba de todo, estaba a adoración e admiración que



Monumento a Rosalía de Castro no Espolón de Padrón

tiña pola "Cantora do Sar", a quen se refería sempre como a "miña dona", e o estudo da vida e obra de Rosalía foi unha das constantes na que Avelino traballou con máis interese nos seus artigos.

Falar ou enumerar aquí toda a súa traxectoria vital ou cultural sería moi extenso, e coido que o estudo e recopilación da súa obra como colaborador de prensa debe ser unha tarefa na que se debe ir pensando cara a un futuro non moi lonxano. Por outra parte, as actividades culturais nas que participou foron moitas e de moi diversa índole: desde promover a formación do Padroado do Pedrón de Ouro ata

crear unha asociación de veciños na súa propia aldea.

Para acabar esta colaboración na homenaxe do segundo cabodano do seu pasamento, reproducimos o final da intervención que o propio Avelino tivo na entrega do primeiro premio de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón", e que hoxe podemos aplicar integramente á súa memoria: *Aquí están os Laiños, querido Eusebio. Aquí está Dodro en piña institucional. Descansa no teu leito de fragancias, tranquilo e sosegado, amigo Eusebio. Nós, xente de Laiño, faremoste inmortal, porque nunca máis serás borrado do noso recordo.*



Entrega do Pedrón de Ouro a Bernardino Graña



Abuín de Tembra dirixiu programas, en distintas emisoras de radio, realizados para difundir o labor das bandas de música

➡ *Avelino Abuín de Tembra comezou a súa colaboración con Diario de Arousa o 21 de maio do 2006. Dende A Bouza -centro do seu universo literario- o añorado poeta enviaba semanalmente luminosos e comprometidos artigos. Foi unha fecunda sin- gradura xornalística na que o escritor de San Xoán de Laíño sempre amosou o seu indeclinable amor a Galicia.*

Os Pedróns 2006

Dende que os premios da actual Fundación do Pedrón de Ouro se crearon en 1964, acoden cada ano a súa cita institucional. Os estatutos do Pedrón establecen que os galardóns deben ser entregados no domingo inmediato a celebración do Día das Letras



que despois se reviraría e abuxaría da Galicia que buscabamos e pretendíamos.

Recordar a protohistoria do Pedrón de Ouro produce emoción. Revívase a Tenrura e o intensísimo cariño, amor e paixón co que se facía as efemérides do Pedrón. Trae á memoria figu-

zada en Vicente Araguas. A Fundación salientará a fideidade que lle amosou sempre a Galicia como fundador de Voces Ceibes. As mensaxes de Galicia que Araguas espallou por diferentes países europeos. A incesante promoción en Madrid, onde reside e, natural-

mente, a produción literaria como poeta, novelista, ensaísta é traductor. Araguas é unha das plumas máis insignes das letras

galegas de agora e de sempre. Corenta anos de lealdades con sacrificios e retesías infinitas. Galicia, o seu idioma, a súa cultura, como bandeira de combate e como orgullo en todo o mundo. A "estrita fidelidade", en palabras de Araguas, Joyce e Stevenson en galego. Cel-



Algúns dos galardonados co Pedrón de Ouro en edicións anteriores ás do 2006

Galegas. Na presente edición correspóndese co 21 de maio. É unha festa de galegitude. Unha festa de identidade de Galicia. Sabido é que foron Pedróns de Ouro os patriarcas de Galicia que ocuparon o protagonismo do país ao longo da vixésima centuria. Para moitos deles, case foi o único e solidario recoñecemento que se lles fixo en vida, a pesar de que a súa loita comenzara moito antes dos negros albores da guerra civil e do franquismo. Cómpre lembrar aqueles amenceres iniciais, cando Galicia era un ermo. Unha soidade indefensa e triste. Nelas recibiron o Pedrón galegos tan ilustres como Parga Pondal, Carballo Calero, Penzol Labandera, Xohana Torres, Álvaro Gil, Filgueira Valverde, Díaz Pardo. Ou cando se premiaba a Rey Romero polo "Poema das Mateiras Sagras", o Ballet Galego Rey de Viana, Espiña Gamallo, Morente Torres -ambos, pola tradución dos evanxeos-, o extraño caso de Rubén García, Victoria Armes- to, pola publicación de "Galicia feudal". Tempos escuros en que se valoraban minúsculos esforzos dalgunha xente

ras venerables. Trae a Monseñor Araújo Iglesias e a súa actitude persoal a prol dos valores espirituais da patria. A Álvaro Cunqueiro, que pronunciou o discurso máis fermoso das catro décadas de existencia, co brado "Mil primaveras máis para a nosa lingua". Foi no Pedrón de 1980 e non en apócrifas xuntanzas. Gardamos as verbas como ouro. Son nosas. Son un acto de fe en Galicia que Qunqueiro lle deixou como legado indeclinable ao Pedrón. Evocar as figuras barís de Otero Pedraio, Fernández del Riego, Rafael Dieste, Ferro Couselo, Antonio Fraguas, Ogando Vázquez. Os Pedróns de Honra a andaina auroral con Rodrigues Lapa, Pires de Lima, Santos Júnior, Hans Schneider Cesare Borgna, Albert Balil. Os iconos da Gaicia ideal que representaron Alonso Ríos, ou Prada Chamochín. o propio Pedrón posúe o seu martiroloxio particular. O añorado Modesto Rodríguez Figueiredo, que morrería en acto de servizo en 1976. Con él, Octavio San Martín, Xocas, Borobó, Camilo Agrasar, Rodríguez Fraíz, Agustín Portela, Pousa Carrera.

López Casanova, García Alén, Promotores do Galego en Asturias, O Bierzo, Felipe Lubián, Nunca Máis, John Rutheford, Antía Cal, Centro Galego de Baracaldo, Beiras Torrado, Pérez Barreiro. Pedróns de Ouro e Pedróns de Honra, paralela e indistintamente. A fundación acaba de dar a coñecer os Pedróns do 2006. Pedrón de Ouro, á aula Castelao de Filosofía, con sede en Pontevedra. Pedrón de Honra, a Vicente Araguas. O diploma que acredita a concesión recollerá en síntese os méritos que concorren a institución e no poeta. Dirá, por exemplo, que a Aula Castelao de Filosofía representa a renovación temática e metodolóxica neste eido e a súa dimensión transformadora e crítica. Invocará o labor continuado e pertinaz da Semana Galega de Filosofía a través de congresos, seminarios e xornadas pedagóxicas abertas á totalidade dos sectores sociais. Exaltará o seu afán de converter a lingua galega nun poderoso vehículo de comunicación.

A lingua das mil primaveras que nos legou Qunqueiro, está relevantemente personali-

Recordar a protohistoria do Pedrón de Ouro produce emoción. Revívase a Tenrura e o intensísimo cariño, amor e paixón co que se facía as efemérides do Pedrón



so Emilio, Cunqueiro, Darío Xoan Cabana transferidos ao castelán.

Momento de alborozo e alegría que culminaron hoxe, 21 de maio, na horta da Casa Museo de Rosalía de Castro, na Matanza. Non sei se fago se digo e ratifico que a festa dos Pedróns é a festa expresa, categórica e contumaz da lingua. Eis como lingua posúe defensores, ás veces ocultos na persoal modestia, pero perseverantes na humildade e no silencio. Ignoro que pretenden os profetas que andan a falar teimudamente do declive da lingua, do seu devalo e decadencia. Como exemplos como os da Aula Castelao e de Vicente Araguas, Pedróns 2006, a lingua galega semella estar viva e vigorosa, exuberante e ubérrima, nunha nación feliz. Con galegos desta caste e prosapia, ¿como se pode falar de pesimismo? ¡Benia a esta homenaxe merecida á que me uno de todo corazón!

mente, a produción literaria como poeta, novelista, ensaísta é traductor. Araguas é unha das plumas máis insignes das letras

AVELINO ABUÍN DE TEMBRA
Primeiro artigo publicado en Diario de Arousa, 2006



Avelino do Ulla e das Brañas de Laiño

● ● ● ➔ por **ANXO ANGUEIRA** Escritor e Profesor da Universidade de Vigo

Son innumerables e moi valiosas as achegas que Avelino Abuín de Tembra lle fixo á cultura nacional galega. Poeta da xeración das Festas Minervais, xornalista de “Crónicas de Portugal”, de “Ventos ábre-gos”, de “Leilías da lingua”...; impulsor de iniciativas como os Premios Minerva, o Eusebio Lorenzo Baleirón, o Padroado Pedrón de Ouro, a Ruta Rosalina...; editor do poeta coterráneo Luís Aguirre e vindicador da memoria de seu tío: Sixto Aguirre, asasinado no 36; defensor inquebrantable da lingua galega... Era Avelino da estirpe galeguista e republicana dun Octavio Sanmartín, dun Borobó ou dun Camilo Agrasar, esa estirpe de activistas que fixeron da Terra de Iria un foco de resistencia antifranquista desde os anos cincuenta.

De todas esas achegas quería eu lembrar a constante militancia de Avelino na defensa do Ulla e das Brañas de Laiño. Aínda que criado uns anos en Manselle, aldea onde traballaba seu pai como chófer da Cooperativa Leiteira republicana (non católica), Abuín de Tembra era de

Xoán de Laiño. Nesta aldea, desde a súa casa da Bouza, Avelino tiña ó pé a inmensa soedade abandonada das Brañas de Laiño, as brañas cruzadas e calçadas nos versos de Rosalía de Castro, as criadoras dos famosos bois de Laiño, un extenso ben comunal impreso na memoria do pobo como referencia de terra brava, de herbado límite, de herba segada no paraíso, nun húmido paraíso de garzas, ras albari-

ñas na macela e moi outra sombra dunha bris que non hai en ningures. A planicie de herba sempre verde e moi treviña fora elevada a poesía no cancionero popular, como sempre nos recordaba Avelino:

*Elas de Laiño son,
collen o xunco na braña,
vano vender a Padrón.*

Mais ultimamente estaba convertida, e continúa estando, nun monte chairado de salgueiros e canedos, abandonada. Avelino, que cantou as Brañas de Laiño (“Po-zas de augas quentes, encora-



O Río Ulla e as brañas de Laiño

das / entre xuncos de lanzal desafío ao vento”) en *Home ao paio* (1974), nunca cesou de clamar contra este abandono “ecolóxico” nos seus artigos:

As brañas de Laiño sofren un vilipendio da ecoloxía oficial que ben puidera ser modelo do que nunca se debería ter feito: expropiar e, despois, abandonar para sempre a un tristísimo destino. Esta era unha terra húmida, cu-



Anxo Angueira no acto de Homenaxe a Abuín organizado pola Asociación de Veciños de San Xoán de Laiño no 2010

berta case permanentemente polas augas do mar de Padrón ata hai dous séculos. Nas marxes do Ulla crecía a mellor herba para o mellor vacún que houbo no país. Os bois de Laiño eran famosos pola súa carne e diso falan, por exemplo, Martín Sarmiento e Pascual Madoz. A Lei de costas ou simplemente Costas botouse enriba de prados e campíos. Os panascos enchéronse de vexetación inútil e antagónica e convertéronse nun bosque de salgueiros. Non lle deron á paisanía unha explicación nin un céntimo de euro por tan inxusto espolio. Aí están as inefables brañas agardando o día do desagravio e da reparación.

Cantou Avelino, en poemas excepcionais e únicos (*Camións*, 1961), a tebra do silencio e as pútridas fontes daqueles anos:

ollo o camiño que comenza nunha poza de sudre, verde, [cheirenta,]

alí, entre as pedras corcovadas [da miña porta.]

Como tamén cantou contra a contaminación do río da vida, do río Ulla postremeiro, dese encher e devalar do mar da Arousa, arte-

**Avelino,
que cantou
as Brañas
de Laiño en
Home ao
paio (1974),
nunca cesou
de clamar
contra este
abandono
“ecolóxico”**

nable cando esvara entre brañas e humidais. O Ulla ten aquí cinco ou seis metros de fondura, singularmente nos plenilunios e con este temporal que nos afo-ga. Un barco de guerra subiu polo Ulla e atracou nas Laxes con contorno de pequeno e delicioso paraíso. Tempo atrás, nas décadas corenta e cincuenta, o Ulla era unha vía de penetración. Púlulaban nas marxes os serra-doiros, as telleiras e modestísimos arsenais. As táboas e a arxila só tiñan un camiño para se achegaren ao mercado: o Ulla. Nesas horas saudosas, o Ulla era unha senda de lecer e espaxamento.

Hai escritores con terra, grandes escritores que coma Novoneyra ou Pondal, pomos por caso, fixeron súas e para sempre as terras do Courel ou Bergantiños. A terra de Avelino Abuín de Tembra, dentro da Terra de Iria de Rosalía de Castro, son as brañas de Laiño no derradeiro Ulla en inmenso esteiro. É tamén unha terra especial, unha terra brava, unha terra húmida de profundos pégos negros, unha terra que é auga que sobe e baixa, como soben e baixan as naves de brancas velas inchadas, entre o millo correndo soas. Como enchen e devalan as marés no peito de escritores e mestres e activistas da altura de Avelino Abuín de Tembra.

ria e corazón da Terra de Iria, fendido polas foulas de dornas, mecos e galeóns. Infatigable Avelino, lembraba a vida do río noutros anos:

O Ulla baixa, lento e tranquilo, mesmo a carón da Bouza inxel. O Ulla revírase un mar conside-